



## LOITA SOBRE A CHOIVA

Partido correspondiente a 11ª xornada da Liga Infantil grupo 4º, disputado na mañá do sábado en Prados Vellos.

Ares, 1 de marzo de 2014.

### FICHA TÉCNICA:

**NUMANCIA:** Fran Romaus, Jaime (Javi), Fran Anido, Raúl, Cristian, Pablo (Josema), Dani (C), Saúl, Carlos, Martín (Adrián) e Alex Feal.

*Adestrador:* Antonio González Varela.

*2º Adestrador:* Jorge Martínez Varela.

*Delegado:* Luís Feal Campos.

**AD MIÑO:** Tino (David Infante), Hugo, Diego Salazar, Martín (C), David, Raúl, Diego González, Manu ( Isma), Adrián (Sergio), Samu (Jose) e Pedro.

*Adestrador:* Pablo Bernardo Castiñeira.

*Delegado:* José Díaz Taboada.

**COLEXIADO:** D. Miguel A. Piñón López. Amoestou a Pablo no Numancia.

#### **GOLES:**

0 - 1 (DIEGO SALAZAR) Indecisión defensiva do Numancia que aproveita Diego Salazar para facerse co balón e batir a Fran Romaus cun forte disparo (minuto 60).

0 - 2 (DIEGO SALAZAR) Disparo dende media distancia de Fran Salazar para anotar o segundo (minuto 78).

#### **CRÓNICA:**

Numancia e Miño xogaron un partido no que os dous equipos buscaron a vitoria para abandonar as últimas posicións da clasificación. Un partido condicionado pola choiva que caeu durante todo o encontro, deixando o terreo de Prados Vellos moi encharcado.

